



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 26 de xaneiro de 2017, á vista da solicitude formulada pola Comisión para o Tratamento da Esclerose Múltiple, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a actualización do ditame de inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

FAMPRIDINA

na indicación de mellora da marcha en pacientes adultos con esclerose múltiple con discapacidade na marcha (EDSS 4-7).

A actualización do ditame incorpora unha modificación no **PROTOCOLO DE TRATAMENTO CON FAMPRIDINA EN PACIENTES CON ESCLEROSE MÚLTIPLE**, consistente no seguinte:

Respecto ao seguimento da eficacia do tratamento con Fampridina, onde poñía “*Avaliación aos 3 meses e seguimento aos 6 meses*” cámbiase por: “*Avaliación aos 3 meses, seguimento aos 6 meses e posteriormente cada ano*”

Incorpórase novo protocolo como documento adxunto.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica



Jorge Aboal Viñas

Comisións de Farmacia e Terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde



PROTOCOLO DE TRATAMIENTO CON FAMPRIDINA EN PACIENTES CON ESCLEROSE MÚLTIPLE

Na mellora da marcha en pacientes adultos con EM con discapacidade na marcha (EDSS 4-7), que amosaron unha melloría clinicamente relevante durante un período inicial de proba do tratamento de 2 semanas.

